

Hortas na cidade dos barrios

Iniciativa para a recuperación de hortas no Val de Feáns





01. Área a abordar no estudo e obradoiro

O cuarto e último dos obradoiros dentro do proxecto A Cidade dos Barrios aborda a realidade urbana, física e social do sector no que se atopan os núcleos de Feáns e Mesoiro. Esta é unha das zonas da Coruña onde o tecido da cidade compacta se interrompe ou dilúe no territorio e entra en contacto con preexistencias orixinarias do rural sobre as que se prevé se producirán os sucesivos crecementos da cidade no futuro.

02. Reflexións sobre a configuración territorial

O concepto de territorio presenta varias lecturas: por unha banda é o produto da acción humana sobre o medio físico e por outra a súa configuración actúa como referente identitario da sociedade que o modifica e desenvolve nel a súa actividade.

O territorio presenta pois un carácter mutable, de construción permanente, e pasa a ser reflexo da sociedade mesma que o modifica e habita.

O problema xurde cando esta complexa relación non presenta un carácter de adaptabilidade mutua, cando as modificacións sobre o territorio non dan

resposta a procuras conscientes de afrontar novas necesidades, ou cando novas necesidades non atopan nos procesos establecidos de modificación física do territorio unha saída coherente para se acadar e explotar en toda a súa potencialidade. Entón tanto a configuración física do territorio como o seu carácter de referente identitario para a sociedade resultan danadas.


03. As preexistencias rurais na cidade da Coruña

Dende as súas orixes, o territorio que circunda a cidade da Coruña contou coa presenza dunha ampla rede de núcleos de poboación de carácter e orixe rural. Atopábanse situados en relación a áreas que posuían características axeitadas para a explotación agrícola e estaban relacionados entre si mediante unha rede de camiños que os comunicaba. Este sistema de asentamento era consecuencia da axeitada relación entre un sistema social e económico vinculado á explotación agraria e a configuración territorial que o sustentaba.

Ó longo da historia moitos destes núcleos foron absorbidos ou desapareceron baixo os sucesivos crecementos da cidade, deixando a meirande parte deles a súa pegada na memoria da cidade no nome

Núcleos de poboación históricos

- 1 O Campanario
- 2 Loureiro
- 3 San Pedro de Visma
- 4 Gramela
- 5 Penamoa
- 6 Cances
- 7 Fontenovoa
- 8 Comeanda
- 9 Mazaído
- 10 Bens
- 11 Nostián
- 12 Vioño
- 13 Santa María de Oza
- 14 Curramontes
- 15 Casablanca
- 16 As Xubias
- 17 Monte tras da Costa
- 18 Casanova de Eirís
- 19 A Madosa
- 20 Castaño de Eirís
- 21 Eirís de Arriba
- 22 Eirís de Abaixo
- 23 San Cristovo das Viñas
- 24 Birloque
- 25 Martinete
- 26 A Cabana
- 27 Someso
- 28 San Vicente de Elviña
- 29 Castro de Elviña
- 30 Penaredonda
- 31 Pedralonga
- 32 Pedro Fernández
- 33 Fontaiña
- 34 Santa Xema
- 35 Río de Quintas
- 36 Mesoiro
- 37 Vío
- 38 Feáns
- 39 San Roque
- 40 Riazor
- 41 A Gaiteira
- 42 Santa Margarida
- 43 Peruleiro
- 44 Agrela



de rúas, barrios ou áreas da Coruña (Santa Lucía, San Roque, Peruleiro, Ventorrillo...)

A día de hoxe moitos destes núcleos orixinariamente rurais aínda existen ou conservamos deles numerosas preexistencias. Existen na cidade multitude de puntos onde o tecido da cidade compacta se atopa con preexistencias orixinarias do mundo rural sen que nos últimos tempos estas dúas realidades fosen quen de coexistir axeitadamente.

Nos últimos anos procedeuse con operacións de crecemento da cidade nas que algúns deste núcleos desapareceron por completo (Vioño) ou están a ser ignorados ou maltratados por diversas actuacións (San Vicente e Castro de Elviña)


Queremos cuestionar pois os mecanismos predominantes de crecemento na cidade actual, que están dando lugar ó progresivo borrado, anulación sistemática e descontextualización destas realidades de orixe rural sobre o territorio, e que polo tanto están a ignorar e destruír tódolos valores e potencialidades que estas preexistencias están en condicións de aportar á urbe contemporánea e ós seus habitantes.

Xurde así a reflexión sobre que preexistencias de orixe rural deben de ser mantidas, cales deben de ser conservadas, sendo asimiladas ou transformadas en parte, así como que estratexias se deben de xerar para as aproveitar e integrar dende a perspectiva da cidade e vida contemporáneas. Evitaríase así a destrución deste patrimonio ou o seu abandono e consecuente deterioro.

Quixemos empregar a área de estudo correspondente a este obradoiro, o val de Feáns, como mostra das posibilidades que nos brindan estes encontros entre as realidades de orixe rural e as urbanas en diversas zonas da cidade da Coruña.



Imaxes da zona do Val de Feáns que evidencian a relación pouco armoniosa entre os tecidos urbano e rural.



Plano de delimitación das distintas áreas no Concello da Coruña potencialmente cultivables.

área de hortas clasificada como solo rústico

área de hortas clasificada como solo urbano

área de hortas clasificada como solo urbanizable

04. O caso de Feáns

O Val de Feáns, xunto con outras áreas como Bens ou Agrela, foi durante moito tempo unha das principais áreas de hortas que daban servizo ós núcleos de poboación próximos e á propia cidade de A Coruña. Discorre por el o río Mesoiro e a rede de camiños orixinais conectaba Vío, Feáns, Mesoiro e seguía ata chegar a Martinete e San Cristovo das Viñas.

É no ano 1972, co comezo da construción do polígono comercial de PO.CO.MA.CO. cando o seu entorno comeza a ser alterado, producíndose o illamento de Vío dos outros dous núcleos principais da área, Feáns e Mesoiro, ó anularse a súa rede de comunicacións natural.

A situación do Cemiterio Municipal de Feáns nas súas proximidades tamén contribuíu ó aumento do tráfico na zona sen que o seu impacto nas vías de comunicación fose axeitadamente valorado.

Logo virían o desenvolvemento nas súas proximidades de operacións como as urbanizacións Obradoiro e Breogán, exemplos dun crecemento da cidade disperso mediante agrupacións de vivendas unifamiliares. Son estas actuacións que provocan fortes demandas de servizos urbanos e que van ligadas ó uso masivo do transporte privado, para o que se segue a empregar a rede de vías de orixe rural que se ve desbordada na súa capacidade.

A partir do ano 2.000 o proxecto de construción do polígono de Novo Mesoiro e o modelo urbanístico seguido para o mesmo provoca fortes reaccións veciñais en Feáns e Mesoiro, dado o impacto ambiental que prevían ía ocasionar e que por desgraza se consumou coa construción do mesmo. As novas áreas verdes e edificios están mal asollados e provocan un fortísimo impacto visual sobre todo o

conxunto do val. No seu día os veciños presentaron propostas alternativas a este polígono que incluían reclamacións que non foron atendidas.

O entorno do núcleo de Vío vese anulado definitivamente coa construción do Polígono do mesmo nome.

No futuro PXOM os diversos núcleos de poboación desta área aparecen delimitados como Solo Urbano Consolidado e Solo Urbano non Consolidado. A meirande parte do val está definida como Solo Rústico de Especial Protección, de tipo ambiental, mais sen que polo de agora se prevexan alternativas de uso, conservación e mantemento compatibles para a zona.

Neste mesmo PXOM proponse o inicio dun corredor verde cara á cidade, mais a construción da futura Terceira Ronda e vias asociados, que nalgún caso atravesan o val, suscitan dúbidas sobre a posible conservación dos valores ambientais que se pretenden para a área.


Noutras áreas da cidade outros núcleos de orixe rural delimítanse, mais o seu entorno queda englobado en bolsas de solo urbanizable que de desenvolverse como ata o de agora farán que estas preexistencias queden totalmente anuladas ou descontextualizadas.

Despois desta sucesión de impactos o val de Feáns chega ata os nosos días nun estado de progresivo abandono, producíndose un envellecemento da poboación e o aumento do número de vivendas tradicionais abandonadas nos núcleos. Este efecto reflíctese no estado das leiras orixinariamente destinadas ó cultivo, que co paso dos anos ve aumentada a cantidade das mesmas que xa non están en uso ou se atopan en estado de abandono.


Plano de emprazamento e de conectividade respecto ao centro urbano da zona do Val de Feáns.

- acceso ciclista
- acceso autobús
- acceso automóbil
- área de hortas






Á dereita, plano analítico da rede hidrográfica no concello e a súa relación coa zona do Val de Feáns.



Á esquerda un plano de emprazamento un pouco máis detallado.

01. Polígono de POCOMACO
02. Campus de Elviña
03. Campus da Zapateira
04. Novo Mesoiro
05. Urbanización Obradoiro
06. Urbanización Breogán
07. Polígono de Vío
08. Cemiterio
09. Núcleo de Feáns
10. Núcleo de Mesoiro
11. Núcleo do Castro de Elviña
12. Núcleo de Vío



05. As hortas urbanas como estratexia

Ante esta situación de partida, e co obxectivo en mente de fomenta-la ligazón e integración, tanto a nivel físico como social e de uso, entre o urbano e as preexistencias de orixe rural propúxose como estratexia a creación dunha área de hortas urbanas na zona. A actividade sería empregada como unha ferramenta de traballo para poder aborda-las múltiples facetas da situación dende diversas fronteiras.


Buscábase recuperar antigas hortas e terreos abandonados no Val de Feáns para poñelos de novo en uso e contribuír así á súa axeitada conservación e mantemento. Propuxemos que os propietarios de terras na actualidade sen uso as cedesen ou alugasen (finalmente os veciños optaron polo mecanismo de cesión) a persoas de calquera zona da cidade que estiveran interesadas en traballalas como hortas e cultivos. Estas pequenas parcelas permitirían o cultivo para autoconsumo así como vincular a elas actividades de lecer, culturais e educativas.

Realizamos unha delimitación provisional da zona de interese ambiental e paisaxística en torno ao núcleo de Feáns. Dentro desa zona marcamos as parcelas que nunha primeira análise se atopaban en uso ou abandonadas. Era importante preservar-lo uso para as parcelas que xa o tiñan naquel intre e reactivar aquelas que estaban abandonadas.



Á esquerda, as dúas primeiras imaxes son instantáneas do Val de Feáns, a terceira imaxe é unha referencia doutra experiencia de hortas urbanas na cidade de Badajoz, onde podemos ver en marcha o traballo de divulgación e formación cos máis cativos.

Á dereita. Plano descritivo e de delimitación do Val e clasificación dos terreos de cultivos que o configuran.



06. Posibilidades das hortas

A estratexia de hortas urbanas permitiría, a medio e longo prazo:

Dende un punto de vista do medio físico e ambiental:

- Por en valor uns terreos na actualidade abandonados ou sen uso que serían recuperados para a actividade mediante o sistema de cesión.
- Promove-la protección ambiental e de conservación de valores ecolóxicos, paisaxísticos e culturais.
- Promove-lo mantemento de espazos libres, e recuperación dunha rede de camiños peonís e ciclistas asociados que vertebran o territorio.
- A recuperación e integración na cidade de infraestruturas agrarias tradicionais existentes.
- Promover prácticas de agricultura ecolóxica.

Dende un punto de vista social:

- Fomenta-la xestión comunitaria, o asociacionismo e as estratexias participativas. En definitiva: fomenta-la participación cidadá.
- Promover a creación dunha estrutura de funcionamento, baixo un modelo asociativo, que xere unha rede de contactos da que podan formar parte habitantes de calquera área da cidade, tanto das orixinalmente rurais como das plenamente urbanas.
- Posibilitar o desenvolvemento de tarefas educativas, culturais e de transmisión de coñecementos entre xeracións.
- Promover prácticas de produción para autoconsumo, de consumo responsable e xeitos de vida e alimentación saudable.

Dende o punto de vista da continuidade no tempo:

- É unha proposta cunha vocación de continuidade e de ir medrando co tempo.
- Existe a posibilidade de trasladar-la experiencia a outras áreas da cidade da Coruña que contan con preexistencias rurais.



Pantallazo do blogue (www.hortasnacidade.wordpress.com) utilizado durante todo o proceso como método de difusión da información e sistema de convocatoria das distintas reunións.



Cartel de convocatoria da reunión informativa realizada no Fórum Metropolitano.



As hortas en desuso da Coruña serán cultivadas

A CORUÑA. Proprietarios e futuros cultivadores de terreos de Feans inauguraron onte a caseta desde a que se supervisarán os traballos agrícolas que se realizarán nese barrio coruñés. A iniciativa, da plataforma A Cidade dos Barrios, da delegación coruñesa do Colexio de Arquitectos de Galicia, porá hortas a disposición dos interesados para que as cultiven, co obxecto de recuperar zonas rurais en desuso. Foto: ANAQUEL LORENZO

Noticia publicada no Xornal de Galicia sobre a iniciativa.

07. Intencións globais

Detrás desta decisión de lanza-la proposta de hortas urbanas reside o obxectivo principal da exploración de alternativas de futuro para as áreas rurais da cidade de A Coruña, para podelas integrar con tódalas súas virtudes dende unha perspectiva da cidade e vida contemporáneas.

Quixemos chama-la atención sobre a capacidade e necesidade de hibridación dos tecidos urbano e rural, fomenta-la reflexión sobre as oportunidades e carencias de cada un destes dous xeitos de implantación no territorio, co convencemento de que son posibles mecanismos de conexión entre os dous para que a súa integración dea lugar a realidades máis ricas que as resultantes dunha mera xustaposición ou superposición entre ambos.

Buscamos tamén lanza-lo debate sobre as posibilidades desta área da cidade percibíndoa como unha zona de oportunidade. Fronte á súa consideración de “aforas” respecto a un centro tradicional poden aproveitarse as súas potencialidades específicas para promove-la xeración dunha realidade urbana policéntrica de maior riqueza que a actual.

Todo isto ligado á exploración e xeración de novos xeitos de uso e explotación da cidade e do territorio no que esta asenta, poñendo en valor zonas na actualidade abandonadas ou sen uso. E non menos importante, para promover así unha cidadanía activa en relación co coñecemento, uso, coidado e mantemento do medio físico e natural da cidade.

08. Descrición do proceso

O lanzamento da iniciativa comezou o día 21 de Novembro mediante a convocatoria dunha reunión informativa para os veciños do val no Centro Cívico de Feáns. Durante os dous días previos realizáronse traballos de campo e aproveitouse a ocasión para ir adiantando a algúns dos veciños a existencia e carácter da iniciativa. A resposta inicial foi boa, e aínda que existían algunhas dúbidas respecto a determinados aspectos de cómo se formalizaría a proposta, os veciños de Feáns mostráronse interesados.

A partir dese intre decidiuse empregar unha plataforma dixital, o blogue www.hortasnacidade.wordpress.com, para difundir a iniciativa entre o público xeral e ir actualizando nel toda a información referente ó proceso. A medida que a iniciativa avanzou tamén o fixo a cobertura por parte dos medios de comunicación que, xunto ós carteis que se deseñaron para publicitar cada un dos actos, contribuíron a difundir a proposta.

O proceso continuou cunha presentación ós potenciais usuarios o 26 de Novembro no Fórum Metropolitano.

Unha vez xa contactados por separado veciños e potenciais usuarios propúxose unha xornada de inauguración en Feáns o sábado 28 de Novembro, coa intención de que os visitantes coñecesen a realidade e o potencial da zona, así como propicia-lo contacto entre eles e mailos veciños do val. Aproveitouse a xornada para realizar un roteiro guiado polos propios veciños polo val visitando algúns dos terreos dispoñibles para o cultivo.

Inaugurouse a primeira caseta de uso comunitario para garda-los apeiros de traballo e que servirá como punto de encontro entre os diversos usuarios. Actúa tamén como punto de información da inicia-



Fotografías das distintas presentacións e reunións informativas realizadas por describir sobre a iniciativa.

- Reunión coas veciñas e veciños de Feáns.
- Presentación no Fórum Metropolitano.
- Reunión coa xente interesada en participar da iniciativa.

Distintas instantáneas tomadas no desenvolvemento do proceso.

-Roteiro polo Val de Feáns, cos veciños e a xente interesada en participar na iniciativa.

-Montaxe da caseta de apeiros.

-A caseta de apeiros rematada e situada a carón das hortas.



tiva ó contar cun panel expositor. En función das necesidades instaláranse novas casetas en diversas leiras do val de Feáns. Os actos remataron cun xantar comunitario de confraternización.

O día 2 de Decembro, realizouse a primeira reunión de futuros usuarios encamiñada á formación da Asociación Cultural de Usuarias e Usuarios das Hortas do Val de Feáns. Para formalizala iniciativa optamos por este mecanismo de autoxestión: a creación dunha asociación de usuarios que serve de contacto entre propietarios e usuarios. É a entidade á que os propietarios ceden as terras e encárgase de xestionalo uso das hortas polos usuarios asociados. Tamén velará porque os terreos se empreguen para o uso previsto de cultivo de hortalizas baixo as premisas de emprego de técnicas de agricultura ecolóxica e produción destinada ó autoconsumo. A asociación será tamén a que xestionará as posibles axudas ou subvencións á iniciativa.

A data de Decembro de 2009 este proxecto segue aberto e en continuo progreso e evolución:

-Contamos con aproximadamente 7.400 m² de superficie cultivable cedida.

-Hai 49 usuarios interesados en acceder a unha parcela.

-En tan só dúas semanas o blogue www.hortas-nacidade.wordpress.com rexistrou máis de 2.000 visitas.

-Arrincou o proceso de formación da Asociación Cultural de Usuarias e Usuarios das Hortas do Val de Feáns, e formouse un grupo de traballo de 8 persoas para formalizar tódolos aspectos precisos para a levar a cabo.

-Está en proxecto a organización de obradoiros formativos de carácter agrario e medioambiental, para os que se contará coa colaboración de profesionais en diversas áreas relacionadas.

09. Agradecementos

Queremos mostra-lo noso agradecemento a tódalas persoas que estiveron nalgún momento vinculadas a este proceso, e tamén a todas aquelas que o estarán no futuro.

-Ás voluntarias deste obradoiro, Ana Martínez Fernández, Laura Palacio Peón, Sofía Paleo Mosquera e Noemí Redondo Ortiz, polo seu interese, traballo e axuda durante todo o proceso.

-A Ramón Fernández, cámara, e Amador Lorenzo e Juan Valiente, fotógrafos.

-A Suso Veiras, de Veiras Metal, pola súa colaboración e axuda durante a montaxe da Caseta.

-Á Asociación de Veciños de Feáns e á súa Xunta Directiva.

-Ás usuarias e usuarios e, por suposto e moi especialmente, a tódolos veciños e veciñas do Val de Feáns, por crer neste proxecto e colaborar con forza e ilusión para sacalo adiante.

Alejandro Fernández Palicio
Alberto Fortes Novoa
Macario Iglesias Carbonell
Felipe Riola Parada
José Manuel Sánchez Vizcaíno
Xiao Varela Gómez

para describir



Imaxes da comida de confraternización no Centro Cívico, posterior ao roteiro realizado polo Val de Feáns.

